

SIGNUS transforma en novos materiais preto de 200.000 t de pneumáticos recollidos en España en 2019

15 Out 2020



- Do total, preto do 12% destinouse á preparación para a súa reutilización (neumático de segundo uso ou recauchutado) e o 88% restante reciclouse nas diferentes plantas de transformación existentes no noso país.
- A entidade vén de publicar a súa Memoria de actividade correspondente ao exercicio 2019, dispoñible na súa páxina web www.signus.es [1].

Cerceda, a 15 de outubro de 2020- Durante 2019, SIGNUS xestionou 188.631 toneladas de pneumáticos fóra de uso que converteu en novos materiais para diferentes aplicacións. Así se recolle na súa Memoria de actividade correspondente ao pasado ano, a disposición dos interesados no seu sitio web www.signus.es [1]

Do total recollido, preto do 12% destinouse á preparación para a súa reutilización (pneumático de segundo uso ou recauchutado) e o 88% restante reciclouse nas diferentes plantas de transformación existentes en España.

Entre os principais usos aos que se destinou o material obtido, destacan 39.011 toneladas para a construción de 390 campos de fútbol, 21.900 toneladas para a fabricación de 4.380 parques infantís e 2.940 toneladas que se incorporaron a 280 quilómetros de estradas.

Durante o pasado exercicio, e seguindo a miña liña que en anos anteriores, SIGNUS levou a cabo diversas accións relacionadas con sou compromiso coa economía circular e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. Con tal fin, vén colaborando con empresas privadas, universidades e centros tecnolóxicos para impulsar diferentes proxectos cos que dar valor aos materiais reciclados, podendo reseñar a utilización do caucho reciclado en material de illamento no sector da construción, o seu uso para a fabricación de compoñentes de automoción ou o seu emprego en infraestruturas, ademais da utilización en combinación co balasto nas vías ferroviarias para reducir os labores de mantemento.

Destaca tamén a recente aprobación da modificación da regulación da xestión dos pneumáticos fóra de uso, publicada o pasado 8 de agosto no Boletín Oficial do Estado, na que se abordou a renovación dalgúns aspectos da lexislación que permitirán unha maior eficacia do sistema e melloras na xestión dos pneumáticos fóra de uso.

Fonte e Imaxe: SIGNUS



Source URL: <http://www.sogama.gal/gl/noticia/signus-transforma-en-novos-materiais-preto-de-200000-t-de-pneum%C3%A1ticos-recollidos-en-esp%C3%A1a>

Ligazóns

[1] <http://www.signus.es>